



TEST AUTOAVALIACIÓN: ESTUDANTES DE SECUNDARIA E UNIVERSIDADE

1. **¿Sabemos estudar?**
2. **Se temos dificultades para iso, ¿cales son?**

Este test foi preparado na **Universidade de Ohio** (EE.UU.). A proba realizouse entre cen estudantes: **50 bos e 50 mediocres**.

INSTRUCCIÓNS

O único que tedes facer é ler atentamente cada pregunta e responder cun SI ou cun NON, na cuadrícula "A".

CUESTIONARIO

1. ¿Tes problemas ou intereses persoais que te afastan do estudio?
2. ¿Interésanche, en xeral, as materias que estudas no curso?
3. ¿Pregúntaste, a miúdo, 'para **que** debo facer ou saber tal cousa', e non tes resposta para darche?
4. ¿Pregúntaste, a miúdo, '**como debo aprender** tal cousa', e non tes respostas para darche?
5. ¿Intervés nos diálogos de clase?
6. ¿Tes problemas de adaptación cos teus compañeiros?
7. En xeral, ¿tes problemas de adaptación cos teus profesores?
8. ¿Tes un plan de traballo para cada día?
9. Se é así, ¿axústaste a el?
10. ¿Fíxaste un horario para cada tarefa?
11. Se é así, ¿cúmprelo rigorosamente?
12. ¿Rematas os teus traballos escolares ao seu debido tempo?



13. ¿Estudas primeiro as materias que che requiren maior esforzo?
14. ¿Dedicas máis tempo ás materias ou tarefas que che resultan máis difíciles?
15. ¿Tes un lugar axeitado, silencioso, con suficiente luz, comodidade, etc, para realizar as túas tarefas (xa sexa na túa casa, nunha biblioteca, etc)?
16. ¿Posúes todos os materiais necesarios para cada materia de estudio?
17. ¿Hai na túa mesa de traballo un espazo limpo e ordenado, suficientemente amplo como para traballar ou estudar comodamente?
18. ¿Sabes sempre, dun día para outro, qué tarefas asignaron os distintos profesores (sexan escritas, gráficas, manuais, para responder oralmente, etc.)?
19. ¿Gardas xuntos os apuntamentos dunha mesma materia?
20. ¿Sabes usar os índices dos libros?
21. ¿Sabes como buscar nunha biblioteca un libro determinado, do que coñeces o título e/ou autor?
22. ¿Sabes como buscar nunha biblioteca os libros que poidan axudarte a estudar un tema ou resolver un problemas, pero que non te indicaron?
23. Cando estudas, ¿adoitas facer unha lectura xeneral do capítulo antes de lelo por partes?
24. Se no teu libro existen resumos ao final de cada capítulo, ¿léelos antes de comezar o estudio desa lección?
25. Cando atopas na túa lectura unha palabra que descoñeces, ¿acostumas a buscala no dicionario?
26. Cando atopas un termo científico ou técnico, o significado do cal descoñeces, ¿recorredes aos dicionarios especializados?
27. Despois da lectura xeral, ¿les atentamente parte por parte para comprender mellor o que queres asimilar?
28. Ao preparar un tema, ¿pretendes aprendelo de memoria sen comprendelo?
29. ¿Pretendes memorizar todo o capítulo sen distinguir o esencial do accesorio?



30. ¿Pasas por alto, sempre ou case sempre, os mapas, gráficos, táboas, aclaracións que se dan ao pé de páxinas, etc.?
31. ¿Axúdaste con cadros sinópticos, diagramas, etc., que ti mesmo/a feixes para favorecer a memorización?
32. ¿Tratas de expresar sempre os contidos fundamentais coas túas palabras, sexa en forma oral ou escrita?
33. ¿Estableces relacións entre os coñecementos novos e os que xa posúes?
34. ¿Anotas as dúbidas que non puidiches responder?
35. ¿Consultas acerca delas aos teus profesores?
36. ¿Tomas en xeral os apuntamentos de clase en forma esquemática, cando o profesor explica e non dita?
37. Se é así, ¿refas logo eses apuntamentos dándolles orde e coherencia?
38. ¿Ou pretendes copiar, palabra por palabra, as explicacións?
39. ¿Adoitas quedar estudando ata altas horas da noite?
40. ¿Dormes o suficiente como para estar durante o día nun estado descansado?
41. ¿Dispós diariamente dalgúns anacos de distracción?
42. ¿Fas repasos xornais, cada día, cada semana, e inmediatamente antes dun exame?
43. ¿Estudas en "doses" diarias ou semanais axeitadas?
44. ¿Atibórraste de lectura e de estudio pouco antes dun exame?
45. ¿Tratas de aclarar sempre cáles son os "puntos frouxos" dos teus traballos co fin de corríxilos?
46. ¿Tes por costume estudar só/a?
47. ¿Gústache estudar só/a?
48. ¿Tes por costume estudar ou traballar en grupo?
49. ¿Gústache traballar en grupo?



50. ¿Cando tes algunha dificultade nos teus traballos escolares, pedides axuda aos teus profesores, a un familiar, aos teus amigos ou compañeiros?

Normas para a avaliación

Damos a continuación **as respostas que indican fallas** nos hábitos e procedementos de estudio.

Cotexa, co seguinte listado, as túas respostas. Este non é un test con puntuación, a súa finalidade é que, ao realizalo, tomes maior consciencia das túas fortalezas e debilidades para o estudio.

Por suposto, as preguntas N° 46, 47, 48 e 49 só demostran hábitos e preferencias persoais.

Os resultados, **entre os bos estudantes**, foron:

1. NON	18. SI	35. SI
2. SI	19. SI	36. SI
3. NON	20. SI	37. SI
4. NON	21. SI	38. NON
5. SI	22. SI	39. NON
6. NON	23. SI	40. SI
7. NON	24. SI	41. SI
8. SI	25. SI	42. SI
9. SI	26. SI	43. SI
10. SI	27. SI	44. NON
11. SI	28. NON	45. SI
12. SI	29. NON	46. **
13. SI	30. NON	47. **
14. SI	31. SI	48. **
15. SI	32. SI	49. **
16. SI	33. SI	50. SI
17. SI	34. SI	



CONCELLO DE FOZ (LUGO)
DELLEGACIÓN DE EDUCACIÓN

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 Foz

Tlf. 982. 14 00 27 E-mail: educacion@concellodefoz.es